

Fecha: Miércoles, 4 de julio de 2018

# Crean unha plataforma de afectados polos retrasos, desvíos e cancelacións en Peinador

Publicado o 04/07/2018 14:54



Esta mañá presentouse en Vigo unha plataforma de afectados polos atrasos, cancelacións e desvíos de voos no aeroporto de Peinador durante os dous meses que estivo desactivado o sistema de aterraxe sen néboa.

Calcúlase que foron uns 150 os avións afectados pola ausencia do ILS e o número de persoas pode achegarse aos 20 mil. Un deles, Diego Maraña, impulsa a plataforma En Colectivo para sumar todas as persoas que o sufriron. Apoiados polo bufete de avogados Cremades-Calvo Sotelo, pretenden demandar e pedir danos morais e lucro cesante a Aena pola mala xestión desas oito semanas.